



ROTEIRO DO CANDÁN

DATOS TÉCNICOS

Viarum dezae

Roteiros de Lalín

Roteiro do Candán.

DOMINGO DIA 31 DE XULLO DE 2016.

HORA 8:30 CONCENTRACIÓN NA PRAZA DA IGREXA DE LALIN

HORA 9:00 DESPRAZAMENTO EN AUTOBÚS ATA POZO DO BOI (VILATUXE)

HORA 9:30 SAÍDA DENDE O POZO DO BOI. COMEZO DA ANDAINA

Percorrido curto Pozo do Boi ata Bustelos

- Distancia 8 quilómetros
- Dificultade media
- Duración 3 horas (9:30 a 12:30)
- Percorrido: Pozo do Boi, Rego do Candán, Xastadelo, Franqueira, Regueiro da Franqueira, Regueiro das Minas, Fervenza, Bustelos.

Percorrido longo: Pozo do Boi ata alto de San Bieito do Candán.

- Distancia 17 quilómetros
- Dificultade alta
- Duración aproximada 5 horas (9:30 a 14:30)
- Percorrido: Pozo do Boi, Rego do Candán, Xastadelo, Franqueira, Regueiro da Franqueira, Regueiro das Minas, Fervenza, Bustelos, Grovas, alto de San Bieito do Candán, estrada Laín a Aciveiro.


Recomendacións:

- Non apto para menores de 12 anos.
- Calzado de monte e crema solar ou chubasqueiro
- Levar avituallamento sólido e líquido.
- Autobús para retornar a Lalín dende o lugar escollido (3 €)

Inscricións en internet, pavillón Lalín Arena e Concello.

www.roteiros.lalin.gal

MAPA DO ROTEIRO



PERFIL





DESCRICIÓN DO ROTEIRO.

O alto de San Bieito do Candán é a cima montañosa máis alta do Concello de Lalín cos seus 1017 metros de altitude. Neste roteiro subiremos a esta cima dende onde se divisa un horizonte grandioso. Pero antes de chegar alí pasaremos por lugares realmente increíbles.

Comezamos en Vilatuxe, na área recreativa do Pozo do Boi. Saímos por un camiño ancho en subida, á sombra dos carballos. Pouco despois iremos entre pinares e baixaremos á esquerda ata atravesar o rego do Candán. Despois imos por camiños anchos de monte polos lugares que a toponimia cartográfica menciona como Penedo Redondo, Fulgueira e Xastadelo. Cruzamos a estrada de Vilatuxe a Bustelos e un pouco máis abaixo empatamos co sendeiriño do Vilatuxe Trail.

Seguimos en dirección a Bustelos por un sendeiriño que se adentra na devesa e permite visitar a Fervenza do Rego das Minas. Realmente bucólico todo este treito que se mantén operativo grazas a xente do Vilatuxe Trail. Finalmente, por unha congostra preciosa chegamos á aldea de Bustelos.

Dende Bustelos iremos por un sendeiro pendurado na ladeira da montaña ata a aldea abandonada de Grobas. O val do río Grobas é certamente paradisíaco. Xa en Grobas visitaremos as súas casas e o chamado Pozo Verde.

Finalmente ascenderemos ata a cima do Alto de San Bieito do Candán onde remataremos o roteiro despois de completar 17 quilómetros.

1. VILATUXE, O POZO DO BOI



A parroquia de Vilatuxe é un pequeno cruce de camiños. Antigamente contaba cunha importante feira, a dos Carballiños (hoxe recuperada), que desapareceu nos anos 40, pero dende entón conserva certos servizos básicos e conta cun centro escolar. En Vilatuxe facían un alto no camiño os arrieiros que se dirixían a Santiago procedentes do Ribeiro, por iso a economía de Vilatuxe estaba baseada nos mercados, nas pousadas e na fabricación queixos e manteigas, na artesanía do mimbres e na súa riqueza agrícola e forestal.

A igrexa, construída a finais do século XIX eleva unha torre barroca sobre unha paisaxe de praderías, agros e carballeiras. Na arquitectura local destacan ademais un raro exemplar de hórreo de esquina e as casonas de Outeiro e Pita, que conservan diversos elementos do seu pasado fidalgo. Os topónimos: Torre e Moa, evocan sendas construcións medievais e prehistóricas das que non quedan vestixios.


2. O REGO DO CANDÁN



O Candán marca a divisoria de augas entre a cunca do Lérez e a cunca do Deza. Así dos moitos regatos que nacen nel, os que baixan cara Forcarei dan lugar ao nacemento do río Lérez. Así o Rego dos Bidros e as fontenlas de Pau Direito, Rego Dedra e Rego da Mexadoira forman o Lérez que remata na ría de Pontevedra. Por outra banda os regos que brotan cara o este, conflúen co río deza. Estes regos son principalmente dous, o Rego de San Bieito e o Rego do Candán.



3. DEVESA E FERVENZA DE BUSTELOS



A fervenza que forma o Rego das Minas cando se precipita ladeira abaixo é realmente fermosa. Ademáis está no entorno da devesa de Bustelos polo que a paraxe é todo un regalo para os sentidos. Nas épocas de gran caudal divísase dende a lonxanía o torrente caendo entre as árbores compoñendo unha imaxe paradisíaca.

4. BUSTELOS



A aldea de Bustelos é unha das portas de entrada á Serra do Candán. É un conxunto singular na aba do alto de San Bieito e na cima do val. Ten unha capela adicada a San Bartolomeu. Chegamos a Bustelos por unha fermosa congostra da que xa quedan poucas e logo saímos por outra en dirección ao chamado Campo da Armada.

"Din que o topónimo Campo da Armada pode referirse a un foxo para lobos".



5. VAL DO RÍO GROBAS



O sendeiro que nos leva de Bustelos a Grobas vai pendurado da ladeira da montaña. Comeza no lugar chamado Campo da Armada. Á nosa esquerda vemos a fermosura do val do río Grobas, o lugar de Ameixedo e a cima do monte Coco.

Por este camiño enlousado ían os nenos e as nenas a escola, que estaba un ano na aldea de Bustelos e ao seguinte curso na aldea de Grobas.



6. ALDEA DE GROBAS



O diccionario define a palabra groba como unha depresión no terreo ou un paso estreito entre montañas. Neste caso a toponimia é sabia unha vez máis. En base a definición anterior a aldea de Grobas ten un nome ben acaído.

Aínda que Grobas pertence ao Concello de Forcarei, pola súa situación sempre tivo moita máis vinculación coa aldea de Bustelos que pertence ao Concello de Lalín. Isto ten unha clara explicación, pois Bustelos dista 2,5 quilómetros de Grobas, mentras os lugares do Concello de Forcarei máis próximos a Grobas están a máis de 5 quilómetros e para acceder a eles é imprescindible ascender á cima do Candán.

A aldea de Grobas leva máis de cuarenta anos deshabitada. Pero anteriormente, malia as dificultades de acceso derivadas da orografía da contorna, os habitantes de Grobas tiñan unha calidade de vida boa para aqueles tempos polos recursos naturais á súa disposición. Según o diccionario de Madoz, os tres veciños e once almas repartíanse trinta vacas, cinco cabalos e seiscentas cabras. Tamén había abundantes froiteiras e o río estaba ateigado de troitas. Parece ser que a fonte principal de ingresos durante moitos anos foi a venda de carbón vexetal

feito a partir do carballo. E tamén podían traballar nas minas de estano da zona.

A día de hoxe, só quedan as ruínas das casas do lugar infestas de xestas e silvas. Non resultaría nada desmesurado pensar nunha recuperación da aldea, sen que se perda a esencia do que foi, polo alto valor etnográfico e natural que ten.



7. O POZO VERDE



Na peregrinaxe a aldea abandonada de Grobas é inexcusable visitar o chamado pozo verde. Ven sendo unha poza de auga cristalina entre rochas formada polo río Grobas que baixa da serra puro e limpo. O fondo da poza ten unha cor verde turquesa e de aí ven o alcume de Pozo Verde. Realmente fermoso e relaxante.



8. ALTO DE SAN BIEITO DO CANDÁN



O alto de San Bieito do Candán ten 1017 metros de altitude sobre o nivel do mar e resulta ser o punto máis alto do Concello de Lalín. Na cima disfrutaremos dunhas vistas panorámicas magnificas.

Tamén hai dúas placas que homenaxean ao xeólogo Hilgen, gran estudoso da Serra do Candán, e á súa dona.

Ademáis están sinalizados os restos da que foi a capela adicada a San Bieito.

BIBLIOGRAFIA:

“A Comarca do Deza”. Daniel González Alén e Armando Vázquez Crespo.

“Lalín. La tierra de Deza”. Armando Vázquez Crespo. Editorial Everest S.A.

LUIS COUTO LOURENZO. “Guía do Deza”. Editorial Galaxia. Ano 2001.

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2012/10/28/candan-reclama-aldea-robada/0003_201210D28C6994.htm

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2012/10/28/span-langglcando-quedei-soa-durmia-ca-escopeta-pe-da-camaspan/0003_201210D28C7999.htm

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2012/10/28/os-16-anos-dixenlle-meus-pais-marchaba-andorra-fomos-/0003_201210D28C79910.htm